

## **CONVOCATORIA E BASES LEGAIS DO CONCURSO “EU CREO NA CASA” E DA CAMPAÑA #FaiPonteConNós DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

Bases que rexen a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o concurso “EU CREO NA CASA” e da campaña #FaiPonteConNós, do Concello de Ponteareas.

Trátase dunha actividade promovida polo Concello de Ponteareas dende a área de Promoción Económica cos obxectivos de descubrir toda a potencialidade creativa realizada nas vivendas pola cidadanía, compartir entretendo e animando a veciñanza e apoiar o comercio local e a hostalería que están sufrindo a crise provocada polo COVID-19.

### **1. OBXECTO E FINALIDADE**

O Concello de Ponteareas, con domicilio en Xardíns da Xiralda, s/n, CP:36860, Ponteareas (Pontevedra) e provista do CIF P3604200J, pon en marcha o concurso denominado “EU CREO NA CASA” e a campaña #FaiPonteConNós, que terán lugar ata que finalice o estado de alarma, no Facebook e Instagram da Concellería de Promoción Económica do Concello de Ponteareas.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios de participación no concurso “EU CREO NA CASA” con premios e sorteos de vales de compra no comercio e hostalería locais, así como para a adhesión á campaña #FaiPonteConNós por parte daqueles establecementos do concello de Ponteareas que tiveron que parar a súa actividade, ou viron minguadas as súas posibilidades de negocio por mor do COVID-19, segundo o decreto establecido polo Goberno central durante a aplicación do estado de alarma.

O Concello de Ponteareas, a través da Concellería de Promoción Económica, lanzará o concurso “EU CREO NA CASA” co fin de descubrir a potencialidade creativa realizada nos fogares de todas e todos os ponteareáns durante o estado de alarma por mor do COVID-19, premiará a súa creación e sorteará vales de compra que despois se deberán gastar no comercio local. Xunto a isto, baixo o *hashtag* #FaiPonteConNós tamén se persegue o obxectivo de axudar o tecido económico do concello que está a sufrir os efectos da pandemia. Tendo en conta que estas bases gardan íntima relación co estado de alarma xerado polo devandito virus, é por iso que a este expediente non lle afecta a suspensión de prazos establecida na disposición adicional terceira, punto 4 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; concretamente, é un procedemento que se refire a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma .



## **2.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA NO CONCURSO “EU CREO NA CASA”**

### **2.1.- Participantes no concurso, formato dos traballos e datos de envío**

Poderá participar calquera veciño ou veciña do municipio, de xeito individual ou colectivo, que sexa maior de idade (aínda que poderá enviar as creacións dunha ou dun menor). A temática é libre e presentárase un único traballo por persoa e modalidade (unha persoa pode participar en máis dunha modalidade), que publicará en formato vídeo –non serve un audio-, texto ou fotografía (segundo sexa o caso), nas redes sociais (Facebook e Instagram) da Concellería de Promoción Económica do Concello de Ponteareas.

### **2.2.- Prazo e lugar de participación**

A duración do concurso será mentres se prolongue o estado de alarma. A participación no concurso será a través das redes sociais (Facebook e Instagram) da Concellería de Promoción Económica do Concello de Ponteareas. Poderase participar nas diferentes categorías subindo a publicación correspondente a cada categoría. Non serán válidas as publicacións subidas a unha categoría diferente na que participan.

### **2.3.- Condicións do concurso**

O Concello de Ponteareas contactará coas persoas gañadoras provisionais ás que lles enviará un formulario (anexo I ao final deste documento) coa finalidade de corroborar que se cumpren todos os requisitos legais da súa participación no concurso. Tras a comprobación, o Concello fará oficial a listaxe de persoas gañadoras a través das redes sociais da Concellería de Promoción Económica e da web do Concello e contactará coas persoas gañadoras para a entrega dos premios.

Se non é posible contactar nun período de 5 días hábiles dende o primeiro intento, ou se renunciase ao premio, perderase o dereito de reclamación posterior. Facebook e Instagram non patrocinan, avalan nin administran de ningún xeito esta promoción, nin están asociados a ela.

Para os efectos previstos na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, establécese que a aceptación do premio polas persoas gañadoras implica o outorgamento expreso da autorización, prevista no artigo 2º, ao Concello de Ponteareas para a utilización dos seus datos persoais, así como a súa imaxe, en calquera actividade pública ou de difusión relacionada coa presente promoción, sen ter dereito a remuneración ou obtención de ningún beneficio diferente á entrega do premio. A negativa implicará a renuncia automática ao premio ou a devolución en metálico deste, en caso de que fíxese uso del.

O Concello de Ponteareas garante o cumprimento íntegro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal no tratamento dos datos persoais recollidos na presente promoción, en especial no que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación dos datos persoais das persoas participantes.



Calquera creación poderá quedar eliminada e non ser publicada se, a xuízo da organización, pode supor un motivo de insulto, falta á verdade, mal gusto, machismo, racismo ou outro semellante. Todas as publicacións irán acompañadas do *hashtag* #FaiPonteConNós.

## 2.4.- Modalidade dos traballos

Establécense **12 categorías** de participación con diferentes participantes gañadores en cada unha. As persoas concursantes poderán participar en todas as categorías e subirán sempre os traballos á publicación correspondente da categoría na que participen. A Concellería de Promoción Económica do Concello de Pontearreas fará 12 publicacións das diferentes categorías para que as persoas participantes poidan subir as súas creacións en cada categoría na que participen. **Os traballos presentados deberán conter nalgún formato visible o *hashtag* #FaiPonteConNós.**

1. Artes plásticas (debuxo ou pintura; pastel, acuarela, carbón, acrílico, óleo, gravado, ceras, lapis de cores, técnica mixta ou calquera outra).
2. Fotografía realizada dende a casa (en calquera formato, analóxico ou dixital, branco e negro, cor, orixinal ou tratada... , do interior do domicilio ou exterior dende a fiestra, terraza...).
3. Conto infantil ou relato escrito (máximo 1.000 palabras, que poderá estar acompañado de imaxes ou non, en formato dixital) e conto infantil ou relato oral (máximo 3 minutos, que poderá ser dramatizado ou non, con atrezzo, vestiario...), o cal poderá ser orixinal ou non.
4. Poesía escrita (máximo: 50 versos, acompañada de imaxes ou non, en formato dixital) e poesía oral ( máximo 1 minuto, nunha gravación dramatizada ou non ), a cal poderá ser orixinal ou non.
5. Cómic ou banda deseñada (máximo tres páxinas tamaño Din A4). Poderá empregarse calquera técnica para a súa realización, manual ou dixital.
6. Interpretación dunha peza musical ou canción (máximo 3 minutos) xa existente. Poderá ser individual ou colectiva, acompañarse ou non de instrumentos, etc.
7. Interpretación dunha peza musical ou canción (máximo 3 minutos) orixinal e inédita do intérprete que a envía de xeito individual ou colectivo. Poderá acompañarse ou non de instrumentos.
8. Artes escénicas (monólogos, danza, teatro, monicreques, performance...). Terá unha duración máxima de 5 minutos.
9. Cociña e receitas. Vídeo de duración máxima de 5 minutos.
10. Descubrimentos realizados na casa nestas semanas. Vídeo de duración máxima de 5 minutos.
11. Xogos realizados na casa, inventados, xogos ensinados por persoas maiores de cando elas eran crianzas. Vídeo de duración máxima de 5 minutos.
12. Que é o que che gustaría facer cando remate o confinamento? Vídeo de duración máxima de 5 minutos.

## 2.5.- Categorías e premios

Haberá 2 premios por cada unha das categorías (12 categorías), dotados cun vale de compra para o comercio local por valor de 50 euros, que se concederán ás publicacións que obteñan máis “Gústame” nas redes sociais da concellería (2 publicacións con máis “gústame” por categoría), que suman un total de 24 premios. O importe económico total dos premios ascende a 1.200 euros.



Entre as demais persoas participantes, sortearanse 440 vales de compra para o comercio local por importe de 20 euros cada un deles O importe da totalidade deste sorteo ascende a 8.800 euros.

## 2.6.- Dotación económica do concurso

O concurso estará dotado cun total de 10.000 € que se investirán en todos os comercios do municipio e sector da hostalería e restauración local obrigados a pechar, ou cuxa actividade comercial minguou, dende a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O gasto tamén se poderá realizar en todos os postos do mercado municipal. A cantidade repartirase da seguinte forma: 20 € para as persoas gañadoras do sorteo realizado a través da plataforma Easy Promos (440 persoas gañadoras) e 24 premios de 50 € para as 2 persoas participantes máis destacadas de cada unha das 12 categorías existentes (as que acumulen máis 'Gústame').

## 2.7.- Premios, festival e exposición

O sorteo realizarase a través da plataforma Easy Promos nun sorteo multiplataforma (Facebook e Instagram). A entrega dos diplomas e premios farase nun acto público que terá lugar no marco dun festival ou dunha exposición, segundo sexa o caso, coas obras máis destacadas de todas as recibidas, baixo a organización do Concello de Pontearreas de xeito presencial (se as circunstancias o permiten) como unha iniciativa de celebración por superar esta etapa e vencer o COVID-19 e, mentres tanto, con todas as obras recibidas contribuiremos entre todas e todos a pasar esta corentena do xeito máis ameno posible.

## 2.8.- Caducidade de premios e vales

As persoas gañadoras teñen un prazo de dous meses, contados dende a entrega dos premios, para o seu uso no comercio que elixan adherido á campaña **#FaiPonteConNós**.

Cada vale de 20€ ou 50€ deberá gastarse integramente nun único establecemento, sendo o importe mínimo da compra o valor do agasallo obtido. O establecemento adherido estará obrigado a aceptalo como medio de pago e gardará o vale orixinal como xustificante da realización desta venda.

## 3.- REGULAMENTO PARA A ADHESIÓN Á CAMPAÑA #FaiPonteConNós

### 3.1.- Establecementos beneficiarios

Serán destinatarios desta campaña aqueles establecementos, calquera que sexa a súa actividade, radicados no municipio de Pontearreas que tiveron que parar a súa actividade, independentemente do tempo de duración, por mor do COVID-19, segundo o catálogo de actividades establecido nos distintos decretos do estado de alarma do Goberno do Estado, así como os postos do mercado municipal e aqueles establecementos comerciais que, aínda que non estiveron obrigados a pechar, viron minguada a súa capacidade de negocio.



Aqueles establecementos do municipio, do sector comercial, hostaleiro, da restauración ou industrial que se atopen entre as pequenas e medianas empresas, que cumpran coas bases desta convocatoria, e teñan interese en adherirse a esta campaña, poderán facelo e beneficiarse así desta xa que serán os locais nos que se poderán gastar os vales outorgados nesta actividade.

Tras a finalización do estado de alarma, o Concello realizará o sorteo e publicará a listaxe con todas as persoas gañadoras e agraciadas, entregará os distintos premios durante o mes seguinte á publicación da listaxe e daralles dous meses de prazo ás persoas premiadas -dende a entrega dos premios- para que poidan gastar os seus vales nos establecementos adheridos á campaña.

Despois de rematar o prazo de 2 meses dende a entrega de premios ás persoas agraciadas para que realicen as súas compras, cada establecemento adherido á campaña terá 1 mes de prazo para presentar no Concello de Ponteareas unha factura formal polo importe total dos vales trocados e entregará como xustificante os propios vales empregados pola clientela, para que posteriormente o Concello, e como data límite o 31/12/2020, proceda ao seu aboamento por transferencia bancaria. Os establecementos participantes deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non incorrer en ningunha causa que os exclúa de poder facturar a unha administración pública e deberán facilitar o seu CIF, IBAN e a documentación que o Concello estime oportuna para os efectos de efectuar o pago correspondente.

### **3.2.- Forma e prazo de adhesión á campaña**

Aqueles establecementos do municipio que cumpran coas bases desta convocatoria e estean interesados en adherirse a esta campaña poderán anotarse a partir do día seguinte á aprobación e publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a través do extracto que remita a Base de Datos Nacional de Subvencións, na web e no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas, con data límite ata o día en que remate o estado de alarma decretado polo Goberno. Para inscribirse deberán enviar no dito prazo un correo electrónico ao enderezo [promocioneconomica@ponteareas.gal](mailto:promocioneconomica@ponteareas.gal) e incluír os seguintes datos:

- Nome comercial do establecemento e NIF/CIF con datos fiscais ( de poder ser, en pdf)
- Enderezo do establecemento e IBAN da conta bancaria (de poder ser, en pdf)
- Nome e apelidos así como teléfono da persoa de contacto: propietario/xerente/encargado

### **4.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA**

A contía desta convocatoria, que se realizará de conformidade coas presentes bases, ascende a 10.000 euros, con cargo á partida 34000-4890500 do Orzamento municipal de Ponteareas do ano 2020.

### **5.- ACEPTACIÓN DAS BASES E AUTORIZACIÓNS EN CANTO Á LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS**

A mera participación no sorteo supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora para empregar a imaxe e datos das persoas gañadoras no



concurso para os efectos de publicidade do resultado deste. Así, para os efectos do establecido na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos e no Regulamento xeral de protección de datos, o Concello de Ponteareas comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro denominado “EU CREO NA CASA”, e que poderán exercer os seus dereitos ARCO no seguinte enderezo de correo postal: Xardíns da Xiralda, s/n, CP 36860, Ponteareas (Pontevedra). O incumprimento dalgunha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña. No caso de que algunha persoa premiada ou agraciada no sorteo renuncie a algún premio, deberá formalizalo mediante un escrito que presentará no Rexistro do Concello de Ponteareas no mesmo prazo fixado para a reclamación dos premios. Tras rematar o prazo, todos os premios e vales do sorteo non trocados perderán a súa validez e non poderán ser reclamados.

## 6.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución e resolución do procedemento corresponderalle á Concellaría de Promoción Económica a través do seu persoal, sen ser preciso a constitución dunha comisión avaliadora nin xurado, xa que os premios serán outorgados a través da plataforma de sorteos Easy Promos e aos traballos que en cada modalidade e categoría obteñan máis “Gústame” no perfil de Facebook e Instagram da Concellaría de Promoción Económica do Concello de Ponteareas.

### Resolución do procedemento

O órgano competente para resolver o procedemento será o alcalde. A resolución da concesión ditarase no prazo máximo dun mes, logo do remate do estado de alarma polo COVID-19.

Contra a resolución adoptada na execución da presente convocatoria, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se, transcorrido un mes dende a súa presentación, non se obtivese resposta. Neste caso, poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Todas as notificacións e publicacións relacionadas con esta subvención realizaranse na páxina web municipal [www.Ponteareas.gal](http://www.Ponteareas.gal), no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas e nas redes sociais da Concellaría de Promoción Económica do Concello de Ponteareas, salvo a publicación destas bases que se fará no BOP de Pontevedra, a través do extracto que remita a Base de Datos Nacional de Subvencións.

Ponteareas, na data da sinatura dixital



**ANEXO PARA CUBRIR POLAS PERSOAS GAÑADORAS DO SORTEO. FICHA DE PARTICIPACIÓN EN “EU CREO NA CASA”**

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_  
Representa a (nome e apelidos, en caso de menores de idade): \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ nado/a o (data de nacemento) \_\_\_\_\_  
Data de nacemento: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_  
Localidade: \_\_\_\_\_ Código postal: \_\_\_\_\_  
Título da obra: \_\_\_\_\_  
Categoría á que pertence: \_\_\_\_\_

X DECLARO que a obra presentada é orixinal e inédita (no caso de consideralo así a categoría na que participa) e AUTORIZO o Concello de Ponteareas a publicar e difundir a obra presentada nas súas redes sociais, medios de comunicación e outros cos fins propios do concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Ponteareas. Os datos serán utilizados para este sorteo e para a xestión administrativa derivada deste. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento, e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Para tal fin, o Concello de Ponteareas porá á súa disposición os formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude, ou solicitar os nosos formularios, aos que sempre lle achegará a copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Ponteareas, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.:

